

24/79

/1

FD: 4453

PROVINCIA: LUGO	MUNICIPIO: VALLE DE ORO
-----------------	-------------------------

CARPETA-FICHA DEL MONTE:

// COSTA DE SERRAPIO //

COMUNIDAD PROPIETARIA

V^s:

ALAJE (P ²)

CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	63	1.	1

SUPERFICIE

HECTAREAS
188

174



Expediente de Clasificación 063-1/92

RESOLUCIÓN

Presidente
D. José Ramón Molinero Senovilla
Vicepresidente
D. Eduardo Prada Guzmán
Vocales
D. Manuel Martínez Garrido
D. Manuel Veiga Franco
Secretario
D. Ramón Martínez Blanco

En la ciudad de Lugo a veinticinco de junio de mil novecientos noventa y tres, el Jurado Provincial de Clasificación de Montes Vecinales en Mano Común, formado por las personas que al margen se relacionan, reunido en la Sala de Juntas de la Delegación Provincial de la Consellería de Agricultura, Ganadería y Montes, adoptó la siguiente Resolución:

Visto en el día de la fecha el expediente para la consideración como vecinal en mano común del monte "de Alaxe", seguido bajo el número 063-1/92 del Ayuntamiento de Valadouro, O, promovido a instancia de parte interesada y resultando los siguientes

ANTECEDENTES DE HECHO

PRIMERO.- Con fecha 14 de marzo de 1.990 y 4 de abril de 1.990 se reciben sendos escritos de varios vecinos de la parroquia de Alaxe del Ayuntamiento de Valadouro, O en el que, tras dar cuenta de la existencia de un monte en dicha parroquia que reviste las características de los vecinales en mano común, solicitan que el Jurado de Montes clasifique ese monte.

SEGUNDO.- En sesión celebrada el día 24 de febrero de 1.992, el Jurado adoptó el acuerdo de iniciación y tramitación del expediente de clasificación del monte de referencia, designando como instructor al vocal D. Emilio Sánchez Coto.

TERCERO.- Aceptada la designación se dictó providencia por la que se da comienzo al expediente poniendo por cabeza del mismo, copia del acuerdo del Jurado Provincial y la documentación aportada.

CUARTO.- Se requiere al ayuntamiento de Cervantes para que aporte:
a) Certificación del Registro de la Propiedad relativa al monte abertal "de Alaxe"; b) Certificación del Inventario de Bienes Municipales y c) Certificación del acuerdo municipal, relativo al consorcio suscrito con la Administración Forestal, tendente a la repoblación del monte.

QUINTO.- Se solicita del Servicio de Montes e Industrias Forestales de la Consellería de Agricultura, Ganadería y Montes, Certificación relativa a la posible inclusión del monte "de Alaxe" en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la provincia.

SEXTO.- Se remitió Edicto al Diario Oficial de Galicia y al Ayuntamiento de Valadouro, O, poniendo en conocimiento de los interesados la incoación del expediente con el fin de que pudieran comparecer e intervenir en defensa de sus derechos e intereses.

SEPTIMO.- Con fecha 17 de octubre de 1.992 se recibe Certificación del Servicio de Montes e Industrias Forestales de la Delegación Provincial de la Consellería de Agricultura, Ganadería y Montes relativa a que el monte "de Alaxe", sito en San Juan de Alaxe no figura incluido en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la provincia.

OCTAVO.- Con fecha 26 de octubre de 1.992 aparece publicado en el Diario Oficial de Galicia número 208, página 8.391 la Resolución por la que se pone en conocimiento público la iniciación del expediente 63-01/92 de clasificación del monte "de Alaxe", sito en el lugar de Alaxe, parroquia de Alaxe, Ayuntamiento de Valadouro, O.

NOVENO.- Con fecha 29 de octubre de 1.992 se recibe Certificación del Ayuntamiento de Valadouro, O, relativa a que el Edicto remitido por el Jurado de Montes estuvo expuesto al público en el Tablón de Anuncios de dicho Ayuntamiento y en los lugares de costumbre durante 15 días hábiles.

DECIMO.- Con fecha 12 de noviembre de 1.992 se recibe Certificación del Ayuntamiento de Valadouro, O, relativa a que el monte "de Alaxe": a) no consta esté inscrito en el Registro de la Propiedad; b) no consta figure inscrito en el Inventario de Bienes del Ayuntamiento y c) no existe ningún acuerdo relativo a un posible consorcio con la Administración Forestal, para la repoblación forestal.

DECIMO PRIMERO.- Con fecha 17 de junio de 1.993 el instructor del expediente propone al Jurado la clasificación del monte de referencia ya que vienen siendo poseídos y aprovechados por los vecinos de la parroquia de Alaxe como patrimonio común.

DECIMO SEGUNDO.- Durante la tramitación no se produjo ninguna reclamación.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

1º.- El Jurado Provincial de Clasificación de Montes Vecinales en Mano Común tiene competencia y jurisdicción para conocer el expediente, sien



dole atribuida dicha competencia por la Ley de Galicia 13/1989 de 10 de octubre de montes vecinales en mano común.

2º.- El artículo 1 de la citada ley, delimita concretamente los requisitos que debe reunir un monte para ser declarado como vecinal en mano común, estableciendo que son aquellos que pertenecen a agrupaciones vecinales en su calidad de tales y no como entidades administrativas y se vengán aprovechando cotidianamente en régimen de comunidad sin asignación de cuotas por los vecinos.

Estos requisitos se cumplen integralmente en el monte de referencia ya que vienen siendo poseídos por los vecinos de la parroquia desde tiempo inmemorial en la consideración de que los mismos son parte inseparable de su patrimonio común.

Vistos los antecedentes y los fundamentos de derecho el Jurado Provincial de Clasificación de Montes Vecinales en Mano Común, resuelve:

Clasificar como vecinales en mano común el monte de las siguientes características:

Nombre: DE ALAXE

Comunidad propietaria: Vecinos de la parroquia de San Juan de Alaxe.

Ayuntamiento: Valadouro, O.

Superficie: 174 Has.

Linderos: N.- Desde Cruz do Pao da Vella con los montes de Budián, por ~~Rego da Murra Vella y Rego das Hortas~~, que separa el citado monte con el de Lapide de la parroquia de Budián.

S. y E.- Fincas particulares que en dirección Este-Sur son: lugar do Vento, propiedad de D. Luciano Pernas Ramos, Parcelas de D. Manuel Orol Ramos, D. Eduardo Marful Ramos, D. Modes to Diaz Cao, D. Angel Pedreira Fernández, ~~H~~^{Nº5} de D. Antonio Ramos, D. Antonio ^{en}Loreazo Palmeiro, D. Evaristo Rego Fernández hasta Pena das Cabanas y Rego de Aro,

O.- Rego do Aro y Chao do Sedeo, que separa de los montes de Vilacampa.

Contra la presente resolución se podrá interponer recurso de reposición ante el propio Jurado de Montes en el plazo de un mes, previo en todo caso, al

recurso contencioso-administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]



Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N.º monte
LU	63	1	1

CLAVE DEL MONTE

● 3.- ESTADO FISICO

Ref.º Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Los actuales montes de la parroquia de ALAJE, tal como figura en la declaración vecinal de 6.1, son unicamente los llamados "COSTA DE SARRAPIO", pues los de la zona de "LAPIDE" que antiguamente había sido pastoreado también por vecinos de esta parroquia, finalmente fué parcelado por los vecinos de BUDIAN después de sentencia judicial.

Está "COSTA DE SARRAPIO" está situado en el extremo N.O. del término parroquial, formado por la loma del mismo nombre que se interpone entre el Rego das Hortas por el E. y el Rego do Haro por el O., subiendo hacia el N.O. hasta la divisoria de "Chao do Sedeo" con la parroquia de Villacampa y hasta Cruz do Pao da Vella.

El terreno, aunque poco accidentado, tiene pendientes bastante fuertes en las faldas bajas y relativamente suaves en los altos; las altitudes oscilan entre los 300 y 722 m.

Los únicos accesos directos son los caminos de servicio, enlazados por el S. con la carretera local de Vivero a Maira.


3.2 SUPERFICIE.

188 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

		Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N.º monte
	CLAVE DEL MONTE	LU	63	1	1
3.3	LINDEROS.				
	N.- Monte "Barreira Moura" de la parroquia de Villacampa.				
	E.- Monte "Lapide" actualmente de los vecinos de la parroquia de Budián.				
	S.- Fincas particulares por Vento, Ceiballón y Chousa de Alfonso.				
	O.- El citado monte "Barreira Moura" de la parroquia de Villacampa.				
3.4	DESCRIPCION DEL PERIMETRO.				
	El perímetro del monte "COSTA DE SARRAPIO" de esta parroquia de ALAJE puede describirse empezando por el extremo N. en Cruz do Pao da Vella, donde concurren con este monte los de la parroquia de Villacampa y de Budián y están las "cuatro rayas" de este término municipal de Valle de Oro, con los de Vivero, Jove y Cervo.				
	Por el E. divide con monte "Lapide" de vecinos de la parroquia de Budián desde la citada Cruz do Pao da Vella bajando hacia el S.E. por el Rego das Hortas hasta las fincas particulares.				
	Por el S. con fincas particulares por Vento, Ceiballón y Chousa de Alfonso hasta la confluencia del Rego do Haro con el Arroyo de la Guinda.				
	Por el O. divide con monte "Barreira Moura" de la parroquia de Villacampa subiendo hacia el N. por el Rego do Haro.				
	Por el N. divide con el mismo monte de la parroquia de Villacampa siguiendo hacia el N.E. la cumbre del Chao do Sedeo hasta la Cruz do Pao da Vella, donde se comenzó.				

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N° monte
LU	63	1	1

Ref.* Índice	CLAVE DEL MONTE
3.5	OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES El límite de este monte con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que éstas han invadido terrenos de monte que han sido parcelados. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al monte de referencia. En caso de que este monte llegara a ser calificado como vecinal en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.



**CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES**

Orde do 17 de xuño de 1996 pola que se aproba o deslinde parcial do monte veciñal da Laxe pertencente á parroquia da Laxe no concello do Valadouro (Lugo).

Examinado o expediente de deslinde parcial do monte veciñal da Laxe pertencente á parroquia da Laxe do concello de Valadouro (Lugo) e tendo en conta os seguintes,

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo en Resolución do 25 de xuño de 1993, declarou como tal o monte da Laxe, asinando a súa pertenza á parroquia de San Xoán da Laxe no concello do Valadouro.

Segundo.-O 25 de abril de 1995, o Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo ante a existencia dunha zona do perímetro do monte onde se apreciaban suficientes motivos para temer pola integridade deste, tomou o acordo de declarar en estado de deslindamento parcial o monte, indicando as zonas de defensa de colindancia, o que foi publicado no BOP nº 136, do 15 de xuño do mesmo ano. Simultaneamente tramitouse unha proposta de gastos para a execución do deslindamento, que foi aprobada polo conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes.

Terceiro.-A tramitación previa ó apeo foi executada cumprindo as prescricións establecidas nos artigos 96 e seguintes do Regulamento de montes do 22 de febreiro de 1962. A documentación que os distintos afectados presentaron foi remitida ó gabinete xurídico territorial de Lugo para o seu exame, cualificación e informe. Con posterioridade fixo o seu informe o enxeñeiro operador, sobre recoñecemento e clasificación de predios e dereitos.

Cuarto.-O apeo iniciouse o 27 de decembro de 1995, de acordo coa data, lugar e hora anunciados previamente, rematando o día seguinte, 28 de decembro, trala fixación de corenta e un (41) piquetes delimitativos, estando presentes nel os representantes da Administración forestal, da comunidade propietaria do monte e os particulares interesados, sen que se rexistrasen incidentes.

Quinto.-O 16 de xaneiro de 1996, o enxeñeiro operador elaborou o seu informe-proposta no que propón se aprobe o deslindamento parcial entre o punto coñecido como Fonte de Río López e o situado no rego da Guinda ou rego dos Golpes, seguindo a liña quebrada que definen os piquetes do nº 1 ó nº 41 de acordo coas actas, rexistro topográfico e plano que figuran no expediente.

Sexto.-No período legal de reclamacións presentaronse dúas, asinadas por José Luis Lorenzo Reigosa y Mª Antonia Rego Rego. En ámbolos casos manifestan que son propietarios de cadanseu predio e que foron afectados polo apeo quedando parte deles incluídos no que o enxeñeiro operador con-

sidera como monte veciñal, polo que piden que a liña de deslindamento entre os piquetes 21 ó 26 e 32 ó 36 discorra máis ó norte.

Sétimo.-O 20 de marzo de 1996, o gabinete xurídico territorial de Lugo emite o seu informe no que manifesta:

1. Que se realizou correctamente o deslinde parcial do monte da Laxe.

2. Que as reclamacións presentadas por José Luis Lorenzo Reigosa e Mª Antonia Rego Rego, dada a documentación presentada e o informe do enxeñeiro operador, non se poden ter en conta.

Oitavo.-O 2 de abril de 1996 e de acordo co artigo 124 do Regulamento de montes, dáselle traslado á comunidade propietaria das reclamacións presentadas e do informe do gabinete xurídico territorial de Lugo, respostando o 4 do mesmo mes coa súa conformidade ó deslindamento e ó informe do gabinete xurídico territorial.

Noveno.-O 3 de maio de 1996 o xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo emite o seu informe-proposta no que a máis de manifesta-la súa conformidade coa realización do deslindamento parcial, asume a tese do enxeñeiro operador e do gabinete xurídico territorial no sentido de que as reclamacións presentadas non son asumibles e propón que se aprobe este de acordo coas actas, rexistro topográfico e plano que figuran no expediente.

Fundamentos de dereito.

I

O Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo é competente para verifica-lo dito deslindamento, cumpridas todas as prescricións legais en canto a publicidade, notificacións e demais requisitos esixidos pola lexislación vixente, e Consellería de Agricultura, Gandería e Montes é competente para dicta-la presente orde de conformidade co establecido no artigo 14 da Lei de montes do 8 de xuño de 1957, en relación co Real decreto 1535/1984, do 20 de xuño, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

II

A comunidade e os particulares achegaron a documentación que consideraron oportuna en defensa dos seus dereitos, que foi debidamente informada polo gabinete xurídico territorial de Lugo.

III

As resolucións do Xurado Provincial de Montes son as únicas que outorgan a propiedade e estas, unha vez firmes, só poden modificarse por sentencias dos tribunais ordinarios, e o enxeñeiro operador debe tentar determinar no terreo os límites fixados por este na súa resolución.

IV

En canto ás reclamacións presentadas, no que respecta á de José Luis Lorenzo Reigosa, de acordo co informe do gabinete xurídico territorial de Lugo, así como o do enxeñeiro operador, trátase de predios que poden pertencer parcialmente ó monte polo que este establece no apeo a división entre o monte veciñal e as propiedades do reclamante. No referente á presentada por M^a Antonia Rego Rego, non ten fundamento, xa que o enxeñeiro operador, á vista da documentación presentada, entende que respecta a propiedade pois segue no apeo o cerramento dela, entre os piquetes 31 ó 39, que está formado por un muro de granito.

Visto:

A Lei de montes do 8 de xuño de 1957 e o regulamento para a súa aplicación do 22 de febreiro de 1962.

A lexislación vixente en materia de montes veciñais en man común.

O Real decreto 1535/1984, do 20 de xuño, de traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, por proposta da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural,

DISPÓN:

Primeiro.-Aproba-lo deslindamento parcial do monte veciñal en man común da Laxe pertencente á parroquia da Laxe, que queda definido pola liña quebrada que une os piquetes nº 1 ó nº 41 e que o separa dos predios dos seguintes propietarios particulares:

Do pique nº 1 ó 3: Francisco Javier Pardeiro Veiga.

Do nº 3 ó 7: Eduardo Marful Ramos; Francisco J. Pardeiro Veiga e Modesto Díaz Cao.

Do nº 7 ó 11: Luciano Pernas Ramos.

Do nº 11 ó 12: Eduardo Marful Ramos; Ángel Pedreira Fernández, herdeiros de Antonio Ramos González e herdeiros de Manuel Orol Ramos.

Do nº 12 ó 16: Modesto Díaz Rouco e Ángel Pedreira Fernández.

Do nº 16 ó 19: Modesto Díaz Ramos, Manuel Ramos Orol e Antonio Lorenzo Palmeiro.

Do nº 19 ó 20: Antonio Lorenzo Palmeiro, Carmen Pedreira Fernández e Julia Orol Palmeiro.

Do nº 20 ó 22: Carmen Pedreira Fernández, Pedro Sixto Díaz e herdeiros de Antonio Díaz Ramos.

Do nº 22 ó 25: Camiño de Chousa da Moa e María Pedreira.

Do 25 ó 29: veciños de Sta. Cruz e camiño de Chousa da Moa.

Do 29 ó 40: Antonia Rego Rego.

Do 40 ó 41: veciños de Sta. Cruz.

De acordo coas actas, rexistro topográfico e plano que figuran no expediente.

Segundo.-Declarar, expresamente, que no referente ás reclamacións de propiedade, a presente resolución esgota a vía administrativa e queda expedita a xudicial civil.

Terceiro.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e en contra dela só cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día da súa entrada en vigor.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 1996.

P.D. (Orde 13-12-1993)

Antonio Luis Rosón Pérez

Secretario xeral da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 13 de marzo de 1996, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se dispón a inscrición no rexistro e publicación no Diario Oficial de Galicia da revisión do convenio colectivo de ámbito provincial para o sector de panaderías da provincia de Lugo.

Visto o texto da revisión do convenio colectivo para o sector de panaderías da provincia de Lugo (código 2700425), asinado o día 16 de febreiro de 1996, pola representación da asociación de empresarios e polas centrais sindicais UGT, USO, CC.OO e CIG, e de conformidade co disposto no artigo 90, apartados 2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, esta delegación provincial,

ACORDA:


Primeiro.-Ordena-la inscrición da revisión do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta delegación, así como o seu depósito.

Segundo.-Remiti-lo texto da revisión do mencionado convenio colectivo á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Lugo, 13 de marzo de 1996.

Manuel Bande Díaz
Delegado provincial de Lugo



MONTE DA LAXE

Propietario: COMUNIDAD DE LA
PARROQUIA DA LAXE

Ayuntamiento: VALADOURO

ESCALA 1: 5.000

FECHA: 28-12-1995

EL ING. TEC. EN TOPOGRAFIA

R. Sota

Fdo: RAMON DE LA SOTA CRESPI

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ANUNCIO do 5 de febreiro de 2013, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, polo que se comunica aos posibles titulares de dereitos e intereses o acordo adoptado por este xurado, relativo ao expediente 1/92.

Na sesión realizada polo Xurado Provincial o 29 de xaneiro de 2013 figura o acordo seguinte:

Monte da Laxe (expediente 1/92), pertencente aos veciños da parroquia da Laxe, no termo municipal do Valadouro, e clasificado como veciñal en man común por Resolución do Xurado Provincial do 25 de xuño de 1993. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012, de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión do 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data do 20 de decembro de 2012, o Servizo de Montes elabora unha proposta de novo esbozo para o monte da Laxe, que queda cunha superficie de 180,09 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía. Dado traslado á comunidade propietaria, non consta oposición a esta proposta. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, acorda aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade con el.


Ao descoñecerse o nome e enderezo dos posibles titulares de dereitos e intereses sobre o referido monte, por medio do presente anuncio, e conforme o disposto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ponse no seu coñecemento o devandito acordo.

Lugo, 5 de febreiro de 2013

José Ramón Losada Fernández

Presidente do Xurado de Montes Veciñais en Man Común de Lugo





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

SERVIZO DE MONTES
C/ Ourense, 101, Baxo 2º
27071 - Lugo

Monte: A Laxe
Pertenza: C.M. VM.C. de San Xoán da Laxe
Concello: O Valadouro

Escala: 1:10.000
S.R.: Um29-ED50

Leyenda:
■ M.V.M.C. 'A Laxe'

LUGO
SERVIZO DE MONTES
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

Lugo, 20 de Novembro de 2012
Firma: [Signature]
Firma: [Signature]

XEFACTURA TERRITORIAL DE LUGO Anuncio de notificación do 17 de outubro de 2016 en procedementos polo que se lles comunica aos posibles titulares de dereitos e intereses o acordo adoptado por este xurado, relativo ao monte veciñal en man común da Laxe, no concello do Valadouro (expediente 1/92).

Na sesión celebrada polo xurado o día 27 de xuño de 2016, figura o seguinte acordo:

Monte da Laxe (expediente 1/92), pertencente aos veciños da parroquia de San Xoán da Laxe, no termo municipal do Valadouro, e clasificado como veciñal en man común por Resolución do Xurado Provincial do 25 de xuño de 1993.

– Con data 29 de xuño de 2015, ten entrada escrito de Juan J. García Pedreira, como presidente da comunidade propietaria, no cal solicita autorización da Administración forestal para a adquisición de tres predios, correspondentes coas referencias catastrais 5939011PJ2253N0001OT, 5939014PJ2253N0001DT e 5939012PJ2253N0001KT.

– Con data 14 de xullo de 2015, o Servizo de Montes eleva proposta favorable á Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes.

– Con data 22 de setembro de 2015, a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes acorda aprobar a adquisición dos terreos.

– Con data 22 de marzo de 2016, a comunidade propietaria achega copia da escritura pública de compra das parcelas referidas, solicitando do Xurado a clasificación dos predios adquiridos.


– Con data 25 de maio de 2016, o Servizo de Montes emite informe de ampliación da clasificación, no cal se reflicte que a superficie que se vai ampliar é de 844 m², quedando o monte da Laxe cunha superficie final de 180,72 hectáreas, partindo da superficie real clasificada medida dixitalmente. Xuntan plano resultante tras a ampliación.

O artigo 57.3 da Lei 7/2012, de montes de Galicia, dispón que as adquisicións de terras por compra deberán ser motivadas pola comunidade veciñal titular no cumprimento dos seus fins, no interese xeral das persoas comuneiras, na defensa dos seus montes e dos seus accesos, no mellor aproveitamento dos recursos ou na mellora ou ampliación do monte veciñal en man común, e requirirá da autorización previa da Administración forestal, que deberá resolver a solicitude de compra no período máximo de tres meses. As terras adquiridas mediante compra serán cualificadas polos respectivos xurados provinciais de montes veciñais en man común como montes veciñais en man común e non poderán ser obxecto de permuta por un período mínimo de vinte anos. No caso de adquisición por doazón, non será precisa a dita autorización. En vista do anterior, o Xurado, por unanimidade, acorda clasificar como veciñais en man común os terreos adquiridos, nas condicións establecidas pola Lei 7/2012 e proceder ás oportunas correccións no expediente de conformidade co informe do Servizo de Montes.

Ao descoñecerse o nome e o enderezo dos posibles titulares de dereitos e intereses sobre os referidos montes, por medio do presente anuncio, de conformidade co disposto nos artigos 44 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, comunícase o devandito acordo.

Así mesmo, este anuncio publicarase no Diario Oficial de Galicia de acordo co establecido no artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, para a execución da Lei de montes veciñais en man común, aínda que a eficacia do acto notificado quedará supeditada á súa publicación no BOE.

Lugo, 17 de outubro de 2016 - José Ramón Losada Fernández, Presidente do Xurado Provincial de Montes, Veciñais en Man Común de Lugo





Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **18 de novembro de 2016**, figura o seguinte acordo:

<< Monte DE A LAXE (expediente 1/92) pertencente aos veciños da parroquia de SAN XOÁN DA LAXE, no termo municipal de O VALADOURO, clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 25 de xuño de 1993. Sobre este monte existe un deslindamento parcial publicado no DOG do 17 de xuño de 1996, no que se declara aprobado. Con data 03/11/2016, polo Servizo de Montes elabórase unha adaptación cartográfica do monte ao ter constatado que ata o momento a única fonte cartográfica foi o plano incorporado ao expediente a escala 1:5000, asinado o 28/12/1995. De acordo co informe para poder axustar a poligonal replantexáronse algúns dos puntos coincidentes cos piquetes e posteriormente vectorizouse o plano xeorreferenciándose mediante o apoio do vértices levantados en campo. Dada a gran coincidencia entre esta poligonal e as parcelas catastrais, decidiuse axustar na maior parte do perímetro ao catastro, agás unha pequena aliñación entre as parcelas 330 e 356 onde existe un muro ben definido. Unha vez asentada a liña de deslindamento, o monte queda coas características que se amosan no plano que acompañan, quedando cunha superficie de 179,50 hectáreas. En vista do anterior, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA** proceder a realizar os oportunos axustes no expediente, de conformidade co informe do Servizo de Montes.>>


Para que conste, expido este certificado co visto e prace do xefe territorial da Consellería do Medio Rural, presidente do xurado.



V. e pr.

O xefe territorial
Presidente do xurado

Jose Ramón Losada Fernández.



XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes		galicia	
Plano de: M.V.M.C. de A Laxe Tras adaptación cartográfica por deslinde parcial según DOGA 17-06-1996		Monte: M.V.M.C. de A Laxe Expediente: 1/92 Superficie: 179,50 Has. Pertenencia: San Xoán da Laxe Municipio: O Valadouro		Plano nº: 1 1 de 1	
Escala: 1: 10.000				Sección de Topografía	
Leyenda: M.V.M.C. de A Laxe				Xefe de Área 3 de novembro de 2016 	
		Fdo. Daniel Balada Pérez Ing. Técnico en Topografía		Fdo. Santiago Fraga Sáenz Ingeniero de Montes	



Juan Carlos López Seijas, secretario en funcións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **6 de marzo de 2018**, figura o seguinte acordo:

Monte A LAXE (expediente 1/92), pertencente aos veciños da parroquia de **A LAXE** e monte ESCULCA, BARREIRA MOURA, CABALEIROS E REGO DO MADEIRO (expediente 31/79), pertencente aos veciños da parroquia de **VILACAMPA** ambos no termo municipal de O VALADOURO, e clasificados como veciñais en man común por resolucións do Xurado Provincial con datas 25 de xuño de 1993 e 26 de maio de 1980, respectivamente. Con data 29 de decembro de 2017, ten rexistro de entrada escrito de Juan José García Pedreira, como presidente da comunidade de A Laxe, achegando un acordo de deslindamento de avinza practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado o 1 de setembro de 2017, perante o Xulgado de Paz de O Valadouro; xuntan acta do deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslindamento ao Servizo de Montes, o 12 de febreiro de 2018 emite un informe no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia da avinza (nº 92/17). O monte A LAXE queda cunha superficie de 179,6 hectáreas, e o monte ESCULCA, BARREIRA MOURA, CABALEIROS E REGO DO MADEIRO cunha superficie de 1034 hectáreas (tendo en conta, neste caso, o deslindamento xudicial aprobado). Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA aprobar o deslindamento por avinza practicado**, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos.


Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.

Asinado por: IGLESIAS FONTAL, MARIA OLGA
Cargo: Xefa Territorial. Presidenta do Xurado Provincial de MVMC
Data e hora: 15/03/2018 12:08:10

Asinado por: LÓPEZ SEIJAS, JUAN CARLOS
Cargo: Secretario en funcións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo
Data e hora: 15/03/2018 10:47:58

CVE: SRAQW5U03
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>







Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **8 de novembro de 2018**, figura o seguinte acordo:

Monte DA LAXE (expediente 1/92), pertencente aos veciños da parroquia da LAXE, no termo municipal de O VALADOURO. O Servizo de Montes, en informe emitido o 10 de outubro de 2018, comproba un erro na superficie do monte (detectado pola Xerencia Territorial do Catastro), derivado do deslindamento parcial practicado no ano 1996, no que parte da liña foi recollida erroneamente no plano e arrastrou o erro nas cartografías posteriores. Procede adaptar a cartografía axustando o monte á liña de acordo co levantamento topográfico realizado polo Servizo de Montes. Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, que establece que as Administracións Públicas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, proponse corrixir o erro quedando o monte cunha superficie de 179,56 ha. En vista do anterior, o Xurado, por unanimidade, ACORDA rectificar o erro constatado e proceder ás oportunas correccións no expediente de conformidade co informe do Servizo de Montes

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.



621000

622000

623000

624000

SANTO ANDRÉ DE BOIMENTE (SANTO ANDRÉ)

LAXE (A) (SAN XOÁN)

VILACAMPA (SANTA MARÍA)



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Plano de:
Corrección parcial da liña de deslindamento
sur do monte veciñal da Laxe (exp 1/92)
como consecuencia dun erro planimétrico.

Monte: A Laxe
Pertenza Parroquia da Laxe
Superficie previa 179,6 Ha
Superficie revisada 179,56 Ha

Municipio: O Valadouro

Escala: 1:10,000

Plano 4: Monte posterior

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89

MVMC_A_Laxe_Posterior



O xefe de área
Lugo, 9 de outubro de 2018

Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes

621000

622000

623000

624000

4826000

4825000

4826000

4825000

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 2 de maio de 2019, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, polo que se comunica aos posibles titulares de dereitos e intereses o acordo adoptado por este xurado, relativo ao monte da Laxe, no concello do Valadouro (expediente 1/92).

Na sesión celebrada polo Xurado Provincial o día 27.3.2019, figura o seguinte acordo:

Monte da Laxe (expediente 1/92), pertencente aos veciños, da parroquia da Laxe, do termo municipal do Valadouro, clasificado polo xurado con data do 25.6.1993.

- O 29.12.2017 ten rexistro de entrada unha proposta de deslindamento parcial entre o monte veciñal en man común e propiedades particulares.
- O 11.1.2018 o Servizo de Montes emite informe favorable á proposta presentada.
- O 6.3.2018 publícase no DOG o anuncio polo que se fai pública a proposta de deslindamento e ábrese o período de alegacións.
- O 23.2.2018 remítese ao Concello do Valadouro o anuncio para os efectos da súa publicación no taboleiro de anuncios.
- Transcorrido o prazo dun mes sen que se presentasen alegacións, a comunidade reafirmase na proposta de deslindamento, que recibiu informe favorable do Servizo de Montes.
- O 16.11.2018 a comunidade presenta a proposta definitiva de deslindamento.
- O 22.11.2018 o Servizo de Montes elabora un informe co resultado deste deslindamento, co que o monte de San Xoán da Laxe queda cunha superficie de 179,83 ha. Achegan os planos resultantes.

De conformidade co disposto no artigo 54.3 da Lei 7/2012, no caso de informe favorable, unha vez ratificado o deslindamento provisional pola asemblea xeral, darase traslado ao



Xurado Provincial dos acordos alcanzados, e o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ditará resolución aprobatoria do deslindamento.

En vista do anterior, o xurado, por unanimidade, **acorda aprobar o deslindamento** practicado e procede a realizar as oportunas correccións no expediente de conformidade co informe do Servizo de Montes.


Contra este acordo, desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Lugo no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Lugo, 2 de maio de 2019

M^a Olga Iglesias Fontal
Presidenta do Xurado Provincial de Clasificación de Montes
Veciñais en Man Común de Lugo

CVE-DOG: hm0feal6-ele1-cc15-bqb5-e1y3czz7wq65





CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Plano de:

Deslinde parcial con particulares do monte
veciñal en man común da Laxe (exp 1/92)

Monte: **A Laxe**

Pertenza **San Xoán da Laxe**

Superficie previa **179,56 ha**

Superficie revisada **179,83 ha**

Municipio: **O Valadouro**

Escala: 1:9.000

Plano 4: Monte posterior



O xefe de área
Lugo, 21 de novembro de 2018

Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes

--- Liña_deslindamento
Monte_posterior

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89